

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI O CRUCE (CERCEDA)

CURSO: 1º ESO

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
2. Avaliación e cualificación	5
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	7
4. Información e publicidade	8

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles



Permanecen os mesmos estándares imprescindibles que na programación orixinal.

Estándares de aprendizaxe avaliados imprescindibles	Competencias clave
1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).	CCL
1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	CCL
1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL
1.10.1. Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	CCL
2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.	CCL
2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	CCL
2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	CCL
2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.	CCL
2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.	CCL
2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	CCL
2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	CCL
2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	CCL
2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	CCL
3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	CCL

3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL
6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.	CCL
9.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.	CCL
4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado.	CCL
5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	CCL
5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.	CCL
5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	CCL

2. Avaliación e cualificación

Procedementos e instrumentos

VALORACIÓNS ESCRITAS

- Revisión e/ou recollida de tarefas realizadas na actividade da clase.
- Recompilación de traballos realizados na casa de xeito individual ou colectivo.
- Elaboración de probas escritas tanto sobre a materia traballada ao longo do trimestre como sobre a lectura obrigatoria.

VALORACIÓNS ORAIS

- Participación do alumnado na clase.
- Exposicións orais:
 - 2 minutos no 1º trimestre, de temática improvisada, nivel coloquial.
 - 5 minutos no 2º trimestre, de temática seleccionada polo alumnado, nivel estándar.

OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA

- Anotacións sobre o interese e participación nas actividades.
- Actitude cara á lingua.

Cualificación final

	Instrumentos	Observacións	%
A	Probas escritas	Realizaranse como mínimo dúas probas por avaliación nas cales o alumnado deberá demostrar a asimilación dos contidos vistos na aula. Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Cunha nota inferior a 3 nalgunha das probas non se fará media, terá que recuperala.	60%
B	Probas orais	Para traballar este aspecto faranse probas como exposicións orais ou presentacións de traballos planificados para comprobar a capacidade expresiva do alumnado.	10%
C	Controis de lecturas obrigatorias	O alumnado deberá ler como mínimo unha obra literaria por trimestre. O control desta lectura farase por escrito.	10%
D	Traballos realizados	Seguimento do traballo diario e realización das tarefas marcadas. Revisión do caderno. Valoración dun traballo trimestral escrito.	10%
E	Rexistro da actitude	O profesorado valorará a atención, esforzo, participación, colaboración, cumprimento de normas de comportamento, así como a actitude ante a lingua.	10%

Outras observacións que se han de ter en conta:

Apartado A: A valoración de cada proba farase de acordo cos criterios de corrección que se establecerán ao inicio de cada unha. O valor de cada pregunta indícarase antes do comezo do exame. Nas probas escritas terase en conta a corrección ortográfica: cada erro (sexan acentos, confusión de grafías, omisión de letras ou mesmo castelanismos) descontará 0.1 sobre a nota total en 1º e 2º ESO, ata un máximo de 3 puntos.

No caso de advertir que o alumno/a está copiando nunha proba (ben dun compañeiro/a, ben dunha "chuleta") o exame automaticamente será retirado e a nota será 1.

Apartado B: Canto ás probas orais serán para comprobar a capacidade expresiva do alumnado. Suporá o 10% da nota.

Apartado C: O alumnado deberá ler unha obra literaria por trimestre. O control desta lectura farase por escrito. Suporá o 10% da nota. A proba contará con dúas notas:

- unha indicación de apto ou non apto cando o alumnado demostre a lectura da obra respondendo correctamente 15 das 20 preguntas propostas.

- e unha nota numérica de +0.5 na avaliación cando o alumnado demostre a lectura da obra contestando un mínimo de 15 preguntas, ou +1 cando demostre o dominio da obra, é dicir, contestando correctamente un mínimo de 18 preguntas sobre 20.

Antes de rematar o trimestre realizarase unha recuperación do libro suspenso non podendo obter en ningún caso a cualificación de +1.

En xuño haberá unha recuperación final dos libros suspensos ao longo do curso.

Debido ao carácter obrigatorio da lectura, no caso de non superar esta proba, suspenderase a avaliación, independentemente da nota obtida no resto dos apartados.

Apartado D: Canto aos traballos, exercicios e actividades para entregar, a nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nos distintos exercicios..

Na valoración dos traballos terase en conta: puntualidade á hora da entrega (10%), presentación (10%), orixinalidade (10%), redacción (30%) e contidos (40%).

Proba extraordinaria de setembro

A proba extraordinaria de setembro será unha proba escrita na que se avaliará tanto o dominio dos contidos conceptuais como dos procedementos, tendo sempre en conta os contidos do curso e como referencia os criterios de avaliación. Nesta proba o alumnado responderá só ao traballado nos dous primeiros trimestres e aos elementos correspondentes a eses dous trimestres que se reforzasen ou ampliasen no terceiro. Non haberá ningún apartado nesta proba relacionado coa lectura obrigatoria.

No terceiro trimestre debido ao ensino non presencial veranse parcialmente modificados estes apartados:

Apartado A. Desaparecen as probas teóricas escritas. A súa porcentaxe de ponderación pasa a ser do 0% e a que tiña distribúese entre o resto dos apartados.

Apartado B. A exposición oral intégrase como parte das tarefas e actividades da lectura obrigatoria, no apartado seguinte. A ponderación engádese á da lectura.

Apartado C. Non haberá unha lectura nova no terceiro trimestre. As tarefas sobre a lectura consistirán en actividades escritas e audiovisuais de ampliación para despois da lectura sobre as dos dous primeiros trimestres. A porcentaxe de ponderación pasa a ser do 20%.

Apartado D. Xunto co apartado seguinte, recolle a maior parte da porcentaxe do apartado A, pois agora toda a avaliación pasa polas tarefas que se encomendan, incluída unha ampliación do traballo trimestral do segundo trimestre. A porcentaxe de ponderación pasa a ser do 60%.

Apartado E. A porcentaxe de ponderación pasa a ser do 20%. Rexístrase mediante a revisión de actividades e tarefas do apartado anterior e o tempo efectivo de traballo nos sitios virtuais.

Para obter unha cualificación positiva, as tarefas e actividades que se consignan nesta adaptación deberán ser entregadas en tempo e forma, completas e desenvolvidas na súa totalidade e, tras ser revisadas polo profesorado, aquelas que non sexan audiovisuais ou interactivas engadiranse ao caderno ou cartafol do alumnado corrixidas e ordenadas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades

Todas as actividades están enfocadas a fortalecer as competencias básicas de calquera lingua: falar, comprender, ler e escribir. Ademais achéganse unha serie de tarefas relacionadas cos contidos específicos do nivel tanto para recuperación, como reforzo, repaso e, se é o caso, ampliación.

Metodoloxía

Organízase o traballo desde o Proxecto Edixgal, do que participa o centro neste curso, e que xa viña funcionando como guía a seguir até marzo de 2020. Faise por seccións ou unidades de Smartclassroom mediante un aviso de tarefas cunha data determinada, a partir do que se supón que durante unha semana se poderán finalizar e entregar as actividades propostas, e mediante mensaxes na propia aplicación. Con todo, valóranse a dificultade, os tempos ou a acumulación de traballo doutras materias para ser flexibles na recepción.

As actividades de cada unidade divídense basicamente en dous tipos: as interactivas, que se gardan no propio libro de Smartclassroom, e que consisten en accións elementais de emparellar, completar, reordenar ou escoller, entre outras; as que se fan no caderno ou nun documento de texto, en que unha parte delas consiste en accións de reflexionar, deducir ou aplicar coñecementos sobre distintos tipos de textos, conceptos de lingua, comunicación e lingua e sociedade.

Inclúense vídeos expositivos como mostras sobre as que investigar e como apoio na explicación dalgunhas das tarefas e actividades e tamén se propón a realización de creacións en vídeo para a recensión de lecturas como tarefas de ampliación. Tamén figura a consulta de páxinas web como método de busca e investigación para apoiar a lectura e a resolución das actividades.

As actividades lúdicas, como os cuestionarios dixitais ou concursos virtuais con preguntas úsanse para reforzar e repasar contidos. En xeral, trasládanse algunhas actividades do tipo das enunciadas a aplicacións dixitais específicas, externas a Edixgal, e procuráanse actividades máis dinámicas e que ao alumnado lle resulten máis interesantes.

Materiais e recursos

Como se dixo no apartado anterior, emprégase o Proxecto Edixgal, en concreto o libro de Smartclassroom, como referencia para a materia do curso e a organización do traballo. Porén, por cuestións de operatividade, hábitos e coñecementos técnicos, bótase man tamén do correo Gmail como ferramenta de comunicación e mesmo de recepción e corrección de tarefas.

Asemade, elabóranse fichas ou apuntamentos explicativos breves en documentos de texto para incorporar á materia dixital e complementábase isto, como se apuntou anteriormente, con páxinas web de referencia, vídeos explicativos etc. Ademais, engádense outros recursos para desenvolver actividades e tarefas con programas e aplicacións dixitais de distinto tipo, como presentacións (powerpoint, slideshare), cuestionarios, test e fichas virtuais (kahoot, quizlet, socrative) ou comentarios e recensións literarias audiovisuais (booktube).

Non todo o alumnado contaba cun equipo informático no seu domicilio e con conexión á rede en marzo de 2020. Nos casos en que se detectaron problemas, realizouse unha impresión en papel das unidades correspondentes da materia dixital e entregáronse nos domicilios coa colaboración do Concello de Cerceda. Tamén se outorgou un prazo de tempo maior para que finalizasen os traballos propostos. De todos os xeitos, apenas unha porcentaxe inferior ao 20% do alumnado rexistra períodos longos de desconexión por falta de interese. A Xefatura de estudos e a Titoría funcionan como enlaces activos para estes casos.

A realización de clases por videoconferencia só se considera como medida de contacto esporádica para tratar cuestións xerais organizativas, resolver dúbidas sobre explicacións teóricas, tarefas e actividades. A videoconferencia pode funcionar como sesión de estímulo e reforzo colectivo pero, se non se lle asigna a carga correspondente ao traballo semanal, restaríalle ao alumnado unha parte do seu horario para cumprir coas tarefas asignadas.

4. Información e publicidade

Como se explicou nos apartados anteriores, o traballo desenvólvese desde o Proxecto Edixgal e desde a páxina web do propio centro como sitios de información ou canles de referencia. A propia plataforma Edixgal conta con servizo de mensaxería privado entre usuarios e usuarias. Úsase o correo electrónico privado Gmail como ferramenta práctica de comunicación e intercambio. Outros medios, como o telefónico, resérvanse para as comunicacións da dirección do centro ou da persoa que exerce como titora do grupo co alumnado.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 8 DE 8	CENTRO: CPI O CRUCE (CERCEDA) CURSO: 1º ESO MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
--	---------------	---